



COLEXIO OFICIAL DE  
PROTÉSICOS DENTAIS  
DE GALICIA  
CONSELLO GALEGO

COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS  
DENTAIS DE GALICIA

15 de xuño de 2022

REXISTRO SAÍDA Nº 145

**CIRCULAR INFORMATIVA Nº 8/2022**

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2022

**1.- CELEBRACIÓN DA MESA REDONDA “A IMPORTANCIA DE TER UN CONVENIO COLECTIVO DA PRÓTESE DENTAL EN GALICIA”**

O pasado sábado 14 de maio de 2022 tivo lugar na Sede de Afundación Abanca sita na rúa do Vilar de Santiago de Compostela, a celebración da Mesa Redonda “**A importancia de ter un convenio colectivo da prótese dental en Galicia**”, organizada polo Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia, onde participaron diversos profesionais tanto do ámbito profesional como empresarial relacionados coa profesión de prótesico dental así como coa creación de convenios colectivos, que achegaron aos asistentes un punto de vista claro e fundamentado, a través da súa experiencia profesional, sobre a necesidade e a relevancia da redacción e aprobación dun convenio colectivo do sector da Prótese dental na Comunidade Autónoma de Galicia, que regule as relacións laborais dos traballadores.

A mesa Redonda estivo dirixida e moderada polo Presidente do Colexio D. Avelino J. Sanmartín Caamaño, e contou coa colaboración de **D. Juan José Santamaría Conde**, decano do Colexio de Economistas de Pontevedra entre os anos 2003-2019, **D<sup>a</sup>. Belén Martínez Troncoso**, Presidenta da Asociación Empresarial de Laboratorios de Prótese Dental de Galicia, **D. Alejandro Pérez Otero**, Vicepresidente 1º do Colexio Oficial de Graduados Sociais de A Coruña e Ourense así como con **D. Josep Montero Pelegrí**, Presidente do Colexio Profesional de Protésicos Dentais de Cataluña.

**D. Juan José Santamaría Conde**, que acudiu en representación da Unión de Profesionais de Galicia e falou de como proxectar a profesión de protésicos Dental en España e nos demais países do Espazo Económico Europeo aos efectos do recoñecemento no dito espazo da profesión e da súa mobilidade na prestación de servizos noutros países europeos, **D<sup>a</sup>. Belén Martínez Troncoso** realizou a súa exposición desde a súa propia experiencia profesional e persoal no lado da parte empresarial no tocante ao intento de formalizar o convenio colectivo propio do sector, **D. Alejandro Pérez Otero** comentou os aspectos fundamentais que deben dar lugar á creación dun convenio colectivo propio do sector, identificou e propuxo distintas recomendacións de utilidade



COLEXIO OFICIAL DE  
PROTÉSICOS DENTAIS  
DE GALICIA  
CONSELLO GALEGO

para a aprobación dun convenio colectivo do sector da Protese dental na Comunidade Autónoma de Galicia e D. **Josep Montero i Pelegrí** brindounos a través da súa experiencia profesional a importancia da creación dun convenio colectivo para a prótese dental.

Cómpre subliñar que moitos colexiados chaman ao Colexio para queixarse e esixille ao Colexio a creación do convenio, desde aquí é importante resaltar se ben o Colexio é o órgano que regula a profesión, non ten competencia para a creación dun convenio nin pode intervir neste. Se ben desde o Colexio consideramos importante a creación do convenio que regule as relación laborais dos traballadores e os laboratorios coa finalidade de evitar disputas xudiciais sobre o convenio de aplicación que se están a trasladar en habituais consultas a esta corporación e facendo que o Colexio teña que intervir nestas, como organismo regulador da profesión que é, para informar sobre cal é o convenio colectivo de aplicación ou se é de aplicación ou non o convenio do metal a un laboratorio de prótese dental.

Debemos subliñar que na celebración da devandita Mesa Redonda sóamente acudiron un total de oito persoas. Desde o Colexio lamentamos que esta Mesa Redonda non servise para concienzar aos protésicos dentais, tanto da parte empresarial como traballadora, da importancia e conveniencia de formalizar un convenio colectivo do sector para Galicia, o que sen dúbida sería un grande avance no que a regulación da profesión de protésico dental se refire.

Un saúdo  
Avelino J. Sanmartín Caamaño  
Presidente do C.O.P.D.G.

